

NOTA DE PRENSA

Presentación do libro “Sumisión química y uso de sustancias psicoactivas en las agresiones sexuales. Prevención, detección e intervención de un problema multidisciplinar”.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2023- O luns 17 de abril presentarase na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) en Santiago de Compostela o libro **“Sumisión química y uso de sustancias psicoactivas en las agresiones sexuales. Prevención, detección e intervención de un problema multidisciplinar”**.

Trátase dun libro coordinado por dous psicólogos e investigadores galegos, o profesor Manuel Isorna Folgar, da Universidade de Vigo, e o profesor Antonio Rial Boubeta, da Universidade de Santiago de Compostela, xunto ao catedrático de Dereito Penal José Ramón Agustina da Universitat Abat Oliba CEU de Barcelona.

É o primeiro libro que aborda en España con verdadeiro rigor científico o alarmante problema da Sumisión Química e as agresións sexuais no lecer nocturno, desde unha óptica multidisciplinar e o máis estrito sentido da responsabilidade social e institucional. Nel participan algúns dos mellores expertos de toda España, entre eles outros galegos máis, como os profesores Manuel López Rivadulla e Ana Bermejo, catedráticos de Toxicoloxía da USC, ou Angelines Cruz Landeira, catedrática do Instituto de Ciencias Forenses. Participan tamén outros expertos de toda España, tanto no eido da psicoloxía e a educación, como das forzas e corpos de seguridade, a criminoloxía, o traballo social ou o dereito.

Os autores tentan facer unha análise integral, obxectiva e proactiva desta crecente problemática, desde o rigor científico e o compromiso social, que segundo eles deben ser os dous pilares básicos que teñen que guiar sempre o desenvolvemento normativo.

O acto estará presidido pola decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, M^a Rosa Álvarez Prada, acompañada da decana da Facultade de Psicoloxía da USC, María José Sampedro e polos dous coordinadores do libro, Manuel Isorna e Antonio Rial, que respostarán amablemente ás preguntas do asistentes.

Convócase aos medios de comunicación a que asistan a presentación que terá lugar o luns 17 de abril de 2023 ás 13:00 horas, na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, sito na rúa Espiñeira, 10-baixo en Santiago de Compostela.

Saúdos,

Se desexan **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

981 534 049 / 699 908 968
comunicacion@copgalicia.gal